

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES EN FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL O DEL DESARROLLO (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA IGUALDADE E PREVENCIÓN DO ABUSO DENTRO DOS CENTROS PENITENCIARIOS, E DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN FAMILIAR NO ANO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Federación Gallega de Asociaciones en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual o del Desarrollo (FADEMGA Plena Inclusión Galicia) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto ccontribuír, a través da concesión directa dunha subvención, ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade do Programa igualdade e prevención do abuso dentro dos centros penitenciarios, e do Programa de conciliación familiar que FADEMGA Plena inclusión Galicia ten previsto desenvolver no ano 2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública. Ambas partes son conscientes da necesidade de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, para a mellora da súa calidade de vida facilitándolles maiores cotas de independencia e autonomía persoal.

En atención a esta necesidade, FADEMGA Plena Inclusión Galicia leva a cabo F os programas Igualdade e prevención do abuso dentro dos centros penitenciarios e Conciliación familiar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

